



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 160 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12 DE MAIO DE 2017.

- 1.- Ratificación da urxencia.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Proposta de aprobación do documento de "Política de Xestión Documental" dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade e os seus anexos. Expte. 8175/113.

EDUCACIÓN

- 3.- Indemnización substitutiva polo servizo de limpeza nos colexios públicos e escolas infantís, correspondente ao mes de abril-2017. Expte. 18888/332.

PATRIMONIO

- 4.- Proposta de aprobación inicial do Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo dos tres locais/despachos municipais do inmovible do núm. 46 da rúa Areal. Expte. 19963/240.

RECURSOS HUMANOS

- 5.- Proposta de aprobación da lista de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de realización dos procesos selectivos derivadas da execución da OEP 2013. Expte. 29737/220.
- 6.- Proposta de contratación interina en réxime laboral dun/dunha oficial sepultureiro/a con cargo á vacante da mesma denominación, correspondente a OEP 2016. Expte. 29881/220.
- 7.- Nomeamento interino por execución de programa temporal (Programa adecuación ao modelo de tramitación dixital na área de Asesoría Xurídica) dun/dunha auxiliar de Admón. Xeral, ao abeiro do art. 10.1.c) do RDL 5/2015. Expte. 29680/220.
- 8.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha auxiliar de Admón. Xeral, baixo a modalidade do art. 10.1.d, do RDL 5/2015, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Comercio. Expte. 29813/220.

9.- Nomeamento interino dun/dunha auxiliar de Admón. Xeral por execución de programa temporal e de dous/dúas auxiliares de Admón. Xeral por acumulación de tarefas, baixo a modalidade do art. 10.1.c. e d., do RDL 5/2015, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Benestar Social. Expte. 29882/220.

10.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de cinco auxiliares de Admón. Xeral, baixo a modalidade do art. 10.1.d, do RDL 5/2015, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Benestar Social. Expte. 29901/220.

SERVIZOS XERAIS

11.- Expediente de contratación dos servizos do soporte técnico e formación para a posta en marcha do Proxecto EDUSI-VIGO VERTICAL- cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Expte. 4493/440.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **12 de maio de 2017, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez